

Pautas para actualizar a colección da Biblioteca Escolar

A colección

Entendemos por colección o conxunto de documentos e recursos de todo tipo, e en diversos soportes, que unha biblioteca escolar pon ao servizo dos seus usuarios e usuarias para o desenvolvemento das actividades de ensino e aprendizaxe, busca de información e lectura con distintas finalidades. A meirande parte destes documentos están localizados na biblioteca escolar pero tamén poden ubicarse noutras zonas do centro (aulas, departamentos...), sempre que estean rexistrados de forma centralizada para evitar duplicidades, infrautilización ou perda, e favorecer así a súa difusión para o coñecemento e emprego por parte de toda a comunidade escolar.

A biblioteca escolar debe ofertar unha variada gama de materiais e recursos documentais:

- Materiais de ficción: libros de literatura infantil e xuvenil que contemplan os distintos intereses do alumnado, estimulen a súa imaxinación, aporten recursos para o ocio e o cultivo das afeccións e favorezan o pensamento crítico.
- Materiais para o tratamento dos diversos contidos curriculares.
- Materiais para o apoio á diversidade: atención ás necesidades educativas específicas, atención ao alumnado inmigrante, etc.
- Materiais para o profesorado e as familias.
- Materiais elaborados polo alumnado e o profesorado.
- Publicacións periódicas (xornais, revistas, boletíns...).

Os fondos da colección serán, nunha porcentaxe importante, libros e material impreso, pero tamén deberá contemplarse a existencia de:

- Materiais gráficos e fotográficos: fotografías, mapas, diapositivas, transparencias...
- Material audiovisual en soporte magnético: cintas, vídeos...
- Material audiovisual e multimedia en soporte electrónico: DVD, CD-Rom (películas, discos, xogos educativos, xogos de carácter lúdico...)
- Recursos on-line: bases de datos, publicacións periódicas, seleccións de páxinas web por temas, directorios, portais educativos, portais de carácter lúdico ou cultural, etc.

Recomendacións sobre o tamaño da colección

Segundo as Pautas IFLA de 2002 para a Biblioteca Escolar, unha colección razoable de recursos impresos debe constar de **dez libros por alumno/a**. A biblioteca escolar máis pequena deba ter como mínimo 2.500 títulos **relevantes e actualizados** para garantir a atención aos intereses e necesidades do alumnado.

Ademais, os materias dunha biblioteca escolar deberán gardar a seguinte relación:

- **60% información:** 50% obras de coñecemento, monografías, manuais, reportaxes... sobre os temas do currículo + 10% obras xerais de referencia (dicionarios, enciclopedias, atlas, guía bibliográficas, catálogos, directorios...)
- **40% ficción:** reflicten o universo imaxinario, á vez que estimulan a investigación: literatura (narrativa, poesía, teatro), cine, cómics, libros de imaxes, fotografías, creacións musicais...

Criterios para unha selección equilibrada da colección

Algunhas iniciativas que se poden poñer en marcha coa fin de equilibrar a colección xa iniciada:

- Analizar e coñecer os fondos cos que conta a biblioteca do centro.
- Realizar unha expurgación dos fondos (retirando o que está deteriorado, obsoleto ou non responde ás necesidades dos lectores e lectoras).
- Localizar todos os materiais espallados por distintos espazos do centro (departamentos, seminarios, bibliotecas de aula, aulas de informática, aulas de música, laboratorios, salas de audiovisuais, etc.), significativos para a súa incorporación ao rexistro centralizado.
- Avaliar a adecuación dos fondos da biblioteca ao currículo escolar.
- Arbitrar as medidas para coñecer as necesidades dos distintos ciclos, departamentos, áreas curriculares, así como os intereses de profesorado e alumnado.
- Diseñar un plan de adquisicións, priorizando segundo as necesidades detectadas, e moi especialmente, a incorporación dos novos soportes.
- Crear unha hemeroteca
- Destinar un orzamento específico a novas adquisicións, para a revisión e actualización da colección.